

## GUÍA DE LECTURA:

### ***O único que queda é o amor* de Agustín Fernández Paz**

Data de entrega: 12 de xaneiro de 2016

#### **SOBRE O AUTOR**

1. Busca información sobre o autor e escribe unha pequena biografía (lembra empregar o pretérito!)
2. Aínda que este autor cultiva diversos xéneros literarios, hai un campo no que destaca especialmente. De cal se trata?
3. Que premios gañou con este libro?



#### **SOBRE OS RELATOS**

- *Un radiante silencio*

1. Como se chama a protagonista deste relato? Describe brevemente a súa situación persoal: Como é? Onde vive? Que lle gusta facer?
2. A que se dedica? Está contenta no seu traballo? Por que?
3. Que establecemento abriu preto do seu lugar de traballo? Que é o que atopou alí?
4. Quen era o autor das tarxetas? Como remata o relato?
5. Imaxina que te atopas na mesma situación que a protagonista, que farías?
6. Neste texto menciónanse distintos autores e obras? Coñeces ou liches algún deles? Cales?

- *Amor de agosto*

1. En que lugar e en que ano aconteceron os feitos que se relatan? Que máis sucedeu ese ano arredor do mundo?
2. Onde traballaba o protagonista? Cantos anos tiña? Era normal traballar a esa idade?
3. Que pasou aquel verán? De quen era filla Laura?
4. Volveron verse algunha vez os dous protagonistas? Que aconteceu entón?
5. Que cres que pasou finalmente coas cartas que lle enviara Laura?
6. Explica esta frase: *Os dous eramos faladores, axiña nos engaiolamos cos ollos e coa conversa.*
7. Busca no diccionario e define coas túas palabras: *verbena, carballeira, recendo, cortado.* Repara no contexto no que se empregan no relato.

8. Este relato trata sobre a memoria, o paso do tempo e as lembranzas. O protagonista do texto nunca puido esquecer aquela noite de verán. Agora escribe ti unha lembranza que gardes con moito agarimo.

- ***Meditación ante o álbum de fotos familiar***

1. Que é un pazo? Podes empregar o dicionario, pero lembra explicar o seu significado coas túas palabras. Como se lle chama en castelán?
2. Que atoparon na casa da familia do protagonista? Onde? Canto tempo levaba alí?
3. Que causara a súa morte?
4. Por que razón o protagonista mira con tanta curiosidade o álbum de fotos da súa familia?
5. O protagonista do relato reflicte sobre o tempo e di que se trata de algo subxectivo. Que cres que quere dicir con iso? Estás de acordo?

- ***Despois de tantos anos***

1. Como se chama a protagonista do relato? Que novas lle da a súa filla? Como reacciona ela?
2. Que pasou nas festas de San Lucas en 1964?
3. Cal era a opinión da familia de Elvira sobre Suso? Por que?
4. A palabra *mili* é unha abreviación. Que significa? De que palabra cres que procede?
5. Que recibiu Elvira cando era nova? De parte de quen?
6. Finalmente que decidiu facer?
7. A onde mudaron Elvira e máis o seu marido? Onde traballaba el?
8. Como cres que se sente Elvira ao atopar o libro de poesía de Bécquer? Por que?
9. Agora escolle unha poesía (ou un fragmento) de Bécquer e intenta traducila ao galego.

- ***Un río de palabras***

1. Cal é o experimento que leva a cabo o protagonista? Por que o fai?
2. Que resultados obtén?
3. Imaxina que vas pegar en Zádara un cartel cun fragmento do teu libro favorito. Que libro escollerías? Escribe en galego o fragmento que elixirías.

## **AGORA OPINA TI!**

1. Este libro de relatos comeza cunha cita do escritor turco Orhan Pamuk: "...na vida, o único que queda é o amor". Pareceche unha frase positiva ou pesimista. Por que?
2. Esolle o relato que máis che gustara e resume brevemente o seu argumento. Por que é o teu favorito?
3. Que sentimento teñen en común todos os relatos? Trátase sempre dun sentimento positivo? Explica as diferentes variacións que se mostran nos relatos.
4. Escribe agora ti un relato que tamén fale de amor, pero vas escribir dous finais: un esperanzador e outro triste.